

En cumprimento do establecido no artigo 14 do *Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade*, aprobado en Consello de Goberno o 28 de outubro de 2022, a Comisión de Título é o órgano colexiado ordinario de xestión do título e ocuparase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co Regulamento de Réxime Interno e/ou co Sistema de Garantía de Calidade do centro. Neste artigo figura o procedemento para o nomeamento e renovación dos membros da Comisión de Título e no artigo 15 regúlase a súa composición.

En virtude do exposto anteriormente e segundo a comunicación recibida dende a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, con data do día 18 de novembro de 2025, en relación co Máster Universitario en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras.

Esta Reitoría resolve,

1.- Cesar, como membros representantes do estudantado, a:

- Dona Aída Ferreiro Galbán, con efectos dende o día 21 de xullo de 2025.
- Dona Irene Loureiro Álvarez, con efectos dende o día 22 de agosto de 2025.

2.- Nomear, como novos membros representantes do estudantado, con efectos dende o día 21 de outubro de 2025, a:

- Dona Jone Aburruzaga Mera
- Dona Carla Palmeiro Piñeira

A composición definitiva da Comisión de Título reflíctese no anexo que acompaña a esta resolución.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

O Reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Membros da Comisión de Título do Máster Universitario en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras

ANEXO
COMISIÓN DE TÍTULO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN GOBERNO LOCAL
E POLÍTICAS PÚBLICAS INNOVADORAS

- *Decana da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais:* Marta Irene Lois González, que actuará como presidenta da comisión
- *Responsable de calidade do centro:* José Caamaño Alegre
- *Coordinadora do título:* Natalia Paleo Mosquera
- *Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos:* Denís Fernández Méndez

Representantes do PDI:

- Bran Barral Buceta (secretario da comisión)
- Ramón Ángel Bouzas Lorenzo
- Dámaris Cuadrado González
- Isabel Diz Otero
- Rubén Camilo Lois González

Representantes do estudantado:

- Jone Aburruzaga Mera
- Carla Palmeiro Piñeira

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/12/2025 14:20:04.

CSV: F7F8-709C-48FD-A2A8